



Xornada

O final do franquismo (1973-1977)

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
17 de decembro do 2024



Poucos días despois desta xornada haberá 50 anos —medio século, quen o diría!— da morte de Francisco Franco. Os historiadores xogamos cunha pequena vantaxe, sabemos o que pasou despois. Imaxinemos que non coñecemos o que pasou tras as primeiras eleccións democráticas dende o ano 1936. Poñamos o foco na análise desa ditadura que hoxe si sabemos que tiña os seus anos contados.

Cal era o punto de partida cara á construción dunha democracia. Porque mentres o réxime se manifestaba firme ata o final, o recordo da democracia de corenta anos antes atopábase esvaído, case unha fantasía, unha utopía... Comprender que unha sociedade como a galega e a española dos anos setenta puidese chegar a entenderse e pensar nun futuro en común non foi tarefa doada. Entre outras cuestións porque todos os voceiros do Estado e das súas elites insistiron durante décadas precisamente en que a orixe do drama colectivo da Guerra Civil e da represión posterior fora aquilo: a democracia.

Todos os testemuños da época, orais e escritos, particulares e oficiais, falan duns meses finais da ditadura que nunca manifestou debilidade. A Transición non foi unha ‘balsa de aceite’. As tensións eran evidentes. O conflito era asumido como algo natural. Isto non foi exactamente unha historia pacífica. Foi un camiño de enfrontamentos, de conflitos, de loita, de esforzo polos avances, pero tamén de mantemento de inercias que pugnaban a favor do conservadorismo, para conservar e manter... unha ditadura.

Organizamos esta xornada como parte do peche do convenio asinado entre o grupo de investigación HISPONA (USC) e o Consello da Cultura Galega para a dixitalización e visualización do Fondo Galego de Propaganda Política da Transición Democrática Miguel Gutiérrez, que ten como obxectivo contextualizar e recordar aquel pasado dende múltiples puntos de vista: violencia, réxime político, militares, espazos rurais, feminismo, clientelismo, nacionalismo... Enfoques diversos sobre eses anos cruciais para o desenvolvemento da Galicia actual.

Imaxe da portada: Fondo Galego de Propaganda Política da Transición Democrática Miguel Gutiérrez.
Consello da Cultura Galega

Programa

Sesión da mañá

9:30 horas
Presentación

9:45 horas
As outras violencias. A ditadura franquista morreu matando 1973-1977
Manuel Ortiz Heras (UCLM)

10:30 horas
Unha democracia 'inevitable'? Para quen?
Emilio Grandío Seoane (USC)

11:15 horas
Debate

11:45 horas
Pausa

12:15 horas
Voto, protesta e sindicación. Empezar a pór fin ao franquismo na Galicia rural
Ana Cabana Iglesia (USC)

13:00 horas
A VIII rexión militar na Transición: unha Galicia imaxinada
Luis Velasco Martínez (UVigo)

13:45 horas
Debate

Sesión da tarde

16:30 horas
Feminismos plurais na Galicia da Transición: encontros e (des)encontros
Enya Antelo (USC)

17:15 horas
As orixes da cultura política do rexionalismo conservador e centrista: ditadura, transición, democracia (1966-1983)
Paulo López Muñoz (USC)

18:00 horas
As estratexias do nacionalismo galego ante o incipiente cambio político, o piñeirismo e o novo nacionalismo marxista, revisión e estratexias políticas
Serxio María Rodríguez Álvarez (USC)

18:45 horas
Debate

19:15 horas
Conclusións e clausura

Organizan

Consello da Cultura Galega
HISPONA (USC)

Coordina

Emilio Grandío

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202

Inscripción

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada logo da solicitude previa.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:



Hispona